

## 5.4. políticas de desenvolvemento rexional

O PUNTO DE PARTIDA DESTE CAPÍTULO é a consideración dos compromisos de maiores investimentos por parte das Administracións Públicas co obxectivo de paliar o impacto negativo (social, económico e ambiental) da contaminación provocada polo afundimento do buque *Prestige*.

Estes compromisos recóllense no Plan de dinamización económica de Galicia 2003-2006, aprobado pola Administración autonómica o 23 de xaneiro de 2003, e no Plan Galicia da Administración Xeral do Estado, aprobado no consello de Ministros reunido en A Coruña o 24 de xaneiro de 2003.

Como se recolle nos **cadros 5.4.1.** e **5.4.2.**, o importe total das actuacións planificadas acadou os 10.428 millóns de euros, dos que 1.662,9 millóns de euros están incluídos no Plan de dinamización da Xunta e 8.765 millóns de euros están comprometidas pola Administración Xeral do Estado. O esforzo adicional da Xunta de Galicia, a concretar nos seus orzamen-

## 5.4.1.

Recursos do Plan de Dinamización Económica 2003-2006: distribución segundo actuación

	2003	2004	2005	2006	Total	Esfuerzo adicional
	(en millóns de €)					
<b>Infraestructuras</b>	76,5	187,0	300,3	470,0	1.033,8	648,9
Estradas (2003-2008)	38,1	109,6	224,6	410,8	783,0	510,3
Portos	5,0	12,0	12,0	13,4	42,4	42,4
Solo industrial	29,1	58,3	57,2	45,9	190,4	85,0
Electrificación	3,8	3,7	4,1	-	11,6	4,9
Gasificación	0,5	3,4	2,4	-	6,3	6,3
<b>Sector pesqueiro</b>	70,7	104,2	72,0	73,7	320,7	155,5
Pesca de baixura	21,9	43,9	9,9	11,4	87,0	49,3
Acuicultura	2,0	4,0	4,0	5,0	15,0	15,0
Industrias de transformación	39,5	46,0	46,9	46,1	178,4	59,5
Equipamentos portuarios	4,0	7,0	8,0	8,0	27,0	18,6
Recuperación zoas improductivas	1,0	1,0	1,5	1,5	5,0	5,0
Formación	1,8	1,8	1,8	1,8	7,0	7,0
Centros tecnolóxicos	0,6	0,6	-	-	1,2	1,2
<b>Investigación e desenvolvemento</b>	8,9	12,2	13,6	8,5	43,1	43,1
<b>Turismo</b>	30,6	2,9	2,9	2,9	39,4	9,6
<b>Comercio</b>	13,1	15,0	14,9	14,8	57,8	3,8
<b>Artesanía</b>	0,6	0,6	0,7	0,7	2,6	1,7
<b>Formación</b>	28,9	28,9	21,6	19,0	98,5	-
<b>Fomento do emprego</b>	42,3	-	-	-	42,3	-
<b>Incentivos ó investimento</b>	4,2	6,2	7,2	7,2	24,9	19,8
<b>Total</b>	<b>275,8</b>	<b>357,0</b>	<b>433,2</b>	<b>596,9</b>	<b>1.662,9</b>	<b>882,3</b>

Fonte: Xunta de Galicia, Plan de dinamización económica "Plan Galicia"

tos para o período considerado, ascende a 882,3 millóns de euros.

No que respecta á desagregación entre novas actuacións a desenvolver en Galicia e as actuacións xa comprometidas, nas que se planificou unha redución de prazos, o importe comprometido pola AXE para novas actuacións é de 3.616 millóns de euros e de 257,4 millóns de euros no caso da Xunta de Galicia (actuacións previstas para despois de 2010 e aceleradas co Plan).

De seguido, preséntanse unha serie de variables que nos permiten, dunha banda, compara-la situación económica e social das 12 áreas funcionais nas que se agrupan as 53 comarcas galegas, e doutra, presenta-las diferencias entre a Galicia interior e a Galicia occidental-costa.

Para a realización deste primeiro punto pártese dos datos do *Anuario económico 2004* publicado por La Caixa, da renovación do Padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2003, do *Mapa comarcal de Galicia*, do *Directorio de Empresas de*

*Galicia* publicado polo IGE, dos datos facilitados polo Ardán e a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

Entre os aspectos salientables, as 24 comarcas pertencentes á Galicia occidental-costa (138 concellos) acollen o 33,6% da superficie e o 69,8% da poboación galega, sendo a súa densidade de poboación de 192,3 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 42,3 habitantes por quilómetro cadrado no caso da Galicia interior. En termos xerais, os diferentes indicadores económicos e variables con incidencia económica, amosan unha distribución entre o interior e a costa similar que a seguida polos datos poboacionais.

En termos de áreas funcionais, hai que salientala concentración de empresas nas áreas funcionais de Vigo e A Coruña, que acollen máis do 40% das empresas e facturan en torno ó 60% do valor engadido bruto e dos ingresos de explotación (fonte Ardán).

Posteriormente, descríbense os

## 5.4.2.

**Plan Galicia da Administración Xeral do Estado: actuacións en materia de estradas e ferrocarril**

	(en millóns de euros)
<b>Novas actuacións a desenvolver en Galicia</b>	
Autovía Pontevedra - A Cañiza	480
Autovía Chantada-Monforte	190
AVE Ferrol - Bilbao	1.476
AVE subcantábrico Ponferrada - Monforte	690
AVE Lugo - A Coruña	780
<b>Actuacións xa comprometidas</b>	
Autovía de Santiago a Lugo	300
Autovía Ourense - Lugo	271
Autovía do cantábrico (A8) - CN-634 no treito co límite de Asturias (A6)	352
Conexión N-550 con N-VI e o porto de A Coruña	24
Conexión do aeroporto de Santiago coa N-634	2
AVE Ourense - Lugo	600
AVE Lubián - Ourense	2.400
AVE Ourense - Santiago	1.200

Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

investimentos territorializados das administracións públicas, e finalmente, dedícase un apartado a analizar uns indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria, e en termos de Contabilidade rexional.

### Plan de dinamización económica de Galicia 2003-2006

Os investimentos comprometidos pola Xunta de Galicia neste Plan de dinamización presentan entre os seus obxectivos o de minimiza-lo impacto negativo da contaminación provocada polo afundimento do Prestige, o de avanzar na mellora da cohesión territorial de Galicia, así como o de dar “un novo pulo á economía galega, que permita acurtar prazos no proceso de converxencia e situarnos no 90% da media española en termos de PIBpc en 2015”.

A súa implantación estrutúrase en dous grandes eixes ou ámbitos: a dimensión territorial do impacto e o eixe sectorial. O primeiro ten a súa máxima expresión nos concellos da Costa da Morte, os directamente afectados polas mareas negras, ós que hai que engadi-lo resto dos concellos costeiros afectados en menor medida pola contaminación así como determinadas zonas do interior galego

para incidir na vertebración e reequilibrio territorial. O segundo parte da consideración de que os subsectores máis afectados son os da pesca e as súas industrias relacionadas, e o turismo.

No que atinxe ós investimentos previstos en infraestruturas, o **cadro 5.4.1.** reflicte que o investimento total previsto en infraestruturas para o período 2003-2006 ascendeu a 1.033,8 millóns de euros (o 62,2% dos recursos totais do Plan), dos que 76,5 millóns de euros corresponden ó ano 2003 (o 27,7% do previsto para ese ano). O esforzo adicional no caso do investimento en infraestruturas foi de 648,8 millóns de euros (o 73,5% do esforzo adicional total).

O **cadro 5.4.3.** reflicte as distintas actuacións en infraestruturas recollidas no plan de dinamización económica, que se poden agrupar en medidas de carácter horizontal, plans para reforza-la competitividade do conxunto de Galicia e Plan para mellora-lo equilibrio territorial.

No concernente ó investimento en infraestruturas de comunicación na zona directamente afectada, o devandito Plan destina un total de 234,3 millóns de euros, dos que 137,0 millóns corresponden a actuacións previstas que acurtan o seu prazo, e 97,3 millóns de euros, a novas

## 5.4.3.

## Plan de dinamización económica : investimento en infraestruturas

	Investimento (en millóns de euros)	Finalización prevista	Reducción de prazos (en meses)	Lonxitude (en km)	Situación xuño 2004
<b>Medidas de carácter horizontal</b>					
<b>Infraestruturas de comunicación na zona afectada</b>	234,3	2004 - 2007	38	229,3	
Novas actuacións previstas para despois de 2010 e aceleradas polo plan	97,3			66,2	
Vía de Alta Capacidade Carballo-Fisterra (treito Carballo-Berdoias)	78,1	2007	Nova	42,0	Tramitación estudo informativo
Mellora do trazado Carballo-Fisterra (treito Berdoias-Cee)	4,9	2006	Nova	10,5	Tramitación proxecto
Estrada Carballo-Fisterra (variante de Corcubión)	7,7	2006	Nova	8,3	Tramitación estudo informativo
Vía de penetración Santiago-Costa da Morte (variante de Negreira)	6,7	2006	Nova	5,4	Redacción do proxecto
Actuacións previstas que acurtan os seu prazos polo Plan	137,0		55	163,1	
Vía de Alta Capacidade Santiago-Noia (treito Brión-Noia))	41,4	2007	36	16,7	Tramitación estudo informativo
C-543 - AC-443 Variante de Ponte Maceira	3,6	2005	60	1,4	En execución obras
Cee-Tui pola costa. Mellora do trazado (treito Cee-Ribeira e Muros-Noia)	18,8	2006	48	37,4	En expropiacións
Variante de Noia	20,2	2006	48	4,4	Tramitación estudo informativo
Santiago-Baio (treito Santa Comba-Baio)	9,1	2006	22	20,0	En execución obras
Muros-Santa Comba (treito Muros-Paxareiras)	6,0	2006	20	10,5	En expropiacións
Carballo-A Silva (treito Carballo-A Silva)	5,1	2004	6	13,0	En execución obras
Ordes-A Silva (treito Ordes-A Silva)	6,7	2005	4	17,4	En execución obras
Carballo-Buño (treito Carballo-Buño)	9,4	2006	48	9,9	En expropiacións
Buño-Malpica (treito Buño-Malpica)	5,5	2006	48	5,1	En expropiacións
Buño-Ponteceso (treito Buño-Ponteceso)	4,4	2006	48	11,2	En expropiacións
Ponteceso-Corme (treito Ponteceso-Corme)	3,5	2006	48	8,2	En expropiacións
Baio-Ponteceso (treito As Grelas-Baio)	3,3	2005	60	8,0	En execución obras
<b>Infraestruturas eléctricas</b>					
Actuacións para mellora-la calidade do suministro na Costa da Morte	2,0	2003/2005			
Noutras zonas afectadas fóra da Costa da Morte	2,9				
<b>Infraestruturas gasística</b>					
Incentiva-lo investimento en gas natural, plantas de gas licuado e en gas propano nos concellos da Costa da Morte	6,3	2003/2005			
Actuacións noutros municipios fóra da Costa da Morte	1,8				
<b>Solo industrial</b>					
Construcción de 10 parques empresariais, con máis de 2.200.000 m <sup>2</sup>	50,5	2003/2005			
<b>Portos</b>					
Obras de mellora e ampliación en portos da zona norte	21,4	2003/2006			
Obras de mellora e ampliación en portos da zona sur	21,0	2003/2006			
<b>Plan para reforza-la competitividade do conxunto de Galicia</b>					
<b>Infraestruturas viarias</b>					
Novas actuacións previstas para despois de 2010 e aceleradas polo plan	160,1	2006-2008		64,8	
Vía de Alta Capacidade A Garda - Tui	68,9	2008	Nova	24,1	Tramitación estudo informativo
Vía de Alta Capacidade de Sarria - Monforte	83,3	2007	Nova	37,0	Redacción estudo informativo
Conexión AC-141 coa autovía Ferrol-Vilalba	7,9	2006	Nova	3,6	En expropiacións
Actuacións previstas que acurtan os seu prazos polo Plan	490,7	2005-2007	17	234,9	
Autovía Ferrol-Vilalba (treito Espiñaredo-Cabreiros)	82,0	2006	14	16,8	Execución obras
Autovía Ferrol-Vilalba no treito Cabreiros-Vilalba	40,9	2006	14	13,5	En expropiacións
Autovía do Barbanza (desdoblamento da Vía rápida)	78,4	2007	36	40,0	Tramitación proxecto
Autovía do Salnés (desdoblamento da Vía rápida)	40,0	2006	20	17,0	Tramitación proxecto
Corredor do Morrazo (Rande-Cangas)	62,7	2005	18	20,7	Execución obras
Conexión AC-141 - N-651 coa A-9 en Vilar do Colo	10,6	2006	48	3,9	Execución obras
Cabreiros - Viveiro (mellora do trazado)	36,7	2006	20	31,2	En expropiacións
AV A-52 - Celanova	52,7	2006	18	21,3	Tramitación estudo informativo
Celanova - Fronteira portuguesa	7,3	2006	18	40,0	Redacción proxecto
1ª fase Autovía Sarria - Nadela	79,6	2006	12	30,6	En expropiacións
<b>Solo industrial</b>					
Obras de carácter estratéxico financiadas pola Xunta	40,7	2003/2006			
Aportación da SEPI para as obras de solo industrial	70,0				
<b>Plan para mellora-lo equilibrio territorial de Galicia</b>					
<b>Solo empresarial</b>					
Área de Lugo-Nordeste	8,4			510	
Área de Lugo-Centro	41,0			2.000	
Área de Lugo-Sudeste	16,2			500	
Área de Ourense-Centro	26,6			1.800	
Área de Ourense-Este	6,8			270	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Xunta de Galicia, Plan de dinamización económica "Plan Galicia"

## 5.4.4.

**Áreas de dinamización prioritarias definidas no Plan de dinamización económica de Galicia**

	Eixe	Superficie (en m <sup>2</sup> )	Investimento (en millóns de euros)
Área de Lugo-Nordeste	Ribadeo-Foz-Mondoñedo	510.000	8,4
Área de Lugo-Centro	Begonte-Lugo-O Corgo	2.000.000	41,0
Área de Lugo-Sudeste	franja Sarria-Monforte	500.000	16,2
Área de Ourense-Oeste	O Carballiño-Ribadavia		
Área de Ourense-Centro	Pereiro-Xinzo de Limia	1.800.000	26,6
Área de Ourense-Este	A Gudiña-Verín-Viana do Bolo	270.000	6,8

Fonte: Xunta de Galicia, Plan de dinamización económica "Plan Galicia"

actuacións previstas para despois de 2010 e aceleradas polo Plan.

Nas catro novas actuacións previstas para despois de 2010 en a Costa da Morte a lonxitude da rede será de 66,2 quilómetros, namentres que nas outras trece actuacións que están a levarse a cabo, o quilómetros novos de rede son de 163,1 e o prazo medio no que se acurtou a finalización das obras é de 55 meses.

Xunto a estas obras realizadas na Costa da Morte, e co obxectivo de reforzar a competitividade do conxunto de Galicia, inicianse tres novas actuacións previstas para despois de 2010, e se recortan os prazos previstos en nove actuacións. No primeiro caso construíronse un total de 64,8 quilómetros ascendendo o seu investimento a 160,1 millóns de euros, en tanto que no que atinxe ás actuacións que acurtan os seus prazos (a redución media é de 17 meses), construíronse 234,9 quilómetros, sendo o investimento previsto de 490,7 millóns de euros.

En relación á infraestrutura portuaria, o devandito **cadro 5.4.1.** reflicte un investimento de 42,4 millóns de euros na zona afectada, das que 21,4 millóns de euros corresponden ás obras de mellora e ampliación en portos da zona norte, e os restantes 21,0 millóns de euros ás obras dos portos da zona sur.

No concernente ás infraestruturas eléctricas e gasísticas, as primeiras acollen

un investimento de 4,9 millóns de euros, e as segundas 8,1 millóns de euros. O período de realización das obras está comprendido entre os anos 2003 e 2005.

Finalmente, no caso do solo industrial e empresarial, está previsto a construción de 10 parques empresariais na zona directamente afectada polo vertido (máis de 2,2 millóns de metros cadrados), cun investimento de 50,5 millóns de euros. Asemade, co obxectivo de reforzar a competitividade do conxunto de Galicia, entre o 2003 e 2006 prevíase un investimento en solo industrial de 110,7 millóns de euros (70,0 millóns de euros aportados pola SEPI), e co obxecto de mellora-lo equilibrio territorial na C.A., nas seis áreas de dinamización prioritaria investirase un total de 99,0 millóns de euros en solo empresarial (5.080.000 metros cadrados).

O **cadro 5.4.4.** reflicte estas seis áreas de dinamización, indicando os eixes en torno ós que xiraría, así como a superficie do solo empresarial previsto e o seu investimento. A área de Lugo-Centro será a que reciba un maior investimento, con 41,0 millóns de euros, estando previsto un solo empresarial de dous millóns de metros cadrados. Séguelle en importancia a área de Ourense-Centro, cun investimento de 26,6 millóns de euros e unha superficie de 1,8 millóns de metros cadrados.

No concernente ó investimento e á creación de novos parques empresariais, o **cadro 5.4.5.** reflicte o investimento e a

5.4.5.

**Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia:  
parques empresariais segundo eixes de actuación**

Provincia	Concello	Promotor	Superficie (en ha)	Investimento previsto (en €)	Estado
<b>Costa da Morte</b>			232	52.617.080	
A Coruña	Camariñas	IGVS - SEPI	5	1.391.350	En redacción proxecto
A Coruña	Carballo	IGVS	73	16.938.500	En redacción proxecto
A Coruña	Cee-Corcubión	IGVS - SEPI	24	5.184.000	En redacción proxecto
A Coruña	Laracha	IGVS - SEPI	85	18.415.500	En adquisición de terreos
A Coruña	Laxe	IGVS - SEPI	5	1.151.730	En adquisición de terreos
A Coruña	Malpica	IGVS - SEPI	5	1.274.500	En redacción proxecto
A Coruña	Muxía	IGVS - SEPI	5	1.183.000	En redacción proxecto
A Coruña	Vimianzo	IGVS - SEPI	30	7.078.500	En adquisición de terreos
<b>Resto da Costa</b>			271	69.259.940	
A Coruña	Cariño				En adquisición de terreos
A Coruña	Carnota	IGVS - SEPI	5	1.275.200	En redacción proxecto
A Coruña	Cedeira	IGVS - Xestur	10	2.820.590	En redacción proxecto
A Coruña	Ferrol	IGVS - SEPI	80	22.556.000	En adquisición de terreos
A Coruña	Muros	IGVS - SEPI	19	4.324.350	En adquisición de terreos
A Coruña	Porto do Son	IGVS - SEPI	5	1.402.000	En redacción proxecto
A Coruña	Rianxo	IGVS - SEPI	6	1.621.500	En redacción proxecto
Lugo	Barreiros (2ª fase)	IGVS - Xestur	8	1.336.800	En obras
Lugo	Foz (2ª fase)	IGVS - Xestur	5	750.500	En adquisición de terreos
Lugo	Viveiro	IGVS - Xestur	12	2.401.200	En adquisición de terreos
Lugo	Xove-Cervo		25	5.847.000	En redacción proxecto
Pontevedra	Catoira	IGVS - SEPI	9	2.451.500	En adquisición de terreos
Pontevedra	A Guarda-O Rosal	IGVS - Xestur	27	7.430.700	En redacción proxecto
Pontevedra	Vilanova de Arousa-Vilagarcía	IGVS - SEPI	60	15.042.600	En adquisición de terreos
<b>Eixo interior</b>			852	212.747.825	
A Coruña	Santiago		134	46.490.000	En redacción proxecto
A Coruña	Touro		5,1	1.440.200	En redacción proxecto
Lugo	Begonte		121,9	18.297.190	En redacción proxecto
Lugo	Lourenzá	IGVS - Xestur	12	1.945.200	En obras
Lugo	Lugo	IGVS - Xestur	220	56.736.000	En redacción proxecto
Lugo	Mondoñedo	IGVS - Xestur	7	1.470.000	En adquisición de terreos
Ourense	A Gudiña	IGVS - Xestur	3	726.170	En redacción proxecto
Ourense	Nogueira de Ramuín		3	823.050	En redacción proxecto
Ourense	Rubiá		5	1.199.040	En redacción proxecto
Ourense	Taboadela		100	24.130.225	En redacción proxecto
Ourense	Pobra de Trives	IGVS - Xestur	3	829.500	En redacción proxecto
Ourense	Riós	IGVS - Xestur	3	738.500	En redacción proxecto
Ourense	Verín	IGVS - Xestur	15	3.568.200	En redacción proxecto
Ourense	Viana do Bolo	IGVS - Xestur	3	797.500	En redacción proxecto
Ourense	Pereiro de Aguiar (3ª fase)	IGVS - Xestur	15	3.480.650	En obras
Ourense	Xinzo de Limia (4ª fase)	IGVS - Xestur	70	15.912.500	En redacción proxecto
Pontevedra	Mos		80	20.324.500	En redacción proxecto
Pontevedra	Salceda de Caselas				En obras
Pontevedra	Tomíño	IGVS - SEPI	52	13.839.400	En redacción proxecto

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Xunta de Galicia, Plan de dinamización económica "Plan Galicia"

5.4.6.

**Solicitudes de parcelas en parques industriais incluídos no  
Plan de Dinamización Económica**

	Número de empresas	Superficie solicitada (en m <sup>2</sup> )
<b>A Guarda - O Rosal</b>	10	38.700
<b>Camariñas</b>	19	43.700
<b>Cariño</b>	21	50.500
<b>Catoira</b>	1	6.000
<b>Laracha</b>	36	122.300
<b>Muros</b>	18	17.800
<b>Porto do Son</b>	22	51.500
<b>Salceda</b>	9	38.344
<b>Tomíño</b>	11	67.000
<b>Vimianzo</b>	45	114.000
<b>Vilanova</b>	54	347.000
<b>Total</b>	246	896.844

Fonte: Xunta de Galicia

superficie prevista dos novos parques empresariais recollidos no *Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia*, así como a fase no que se atopa. A superficie total prevista ascende a 1.355 hectáreas e o investimento previsto nestas actuacións a 334,6 millóns de euros.

O devandito **cadro 5.4.5.** recolle a distribución dos novos parques empresarias segundo os eixes de actuación: Costa da Morte, Resto da costa e Eixo interior. Os oito parques empresariais que se construírán na Costa da Morte, terán unha superficie total de 232 hectáreas, ascendendo o seu investimento a 52,6 millóns de euros. No eixo “resto da costa”, a superficie total dos 14 parques será de 271 hectáreas e o investimento de 69,3 millóns de euros, e no “eixo interior”, o número de parques empresariais será de 19, sendo a superficie total de 852 hectáreas, e o investimento previsto de 212,7 millóns de euros.

Co obxectivo de avanzar na cohesión territorial de Galicia, o Plan establece a creación de seis “Áreas de dinamización prioritaria” nas provincias de Lugo e Ourense, cun investimento previsto de 99,0 millóns de euros e unha superficie prevista de solo empresarial de 5.080 miles de metros cadrados.

No que ó **ámbito de actuación sectorial** se refire, o **cadro 5.4.7.** indica as distintas medidas previstas que inciden directamente sobre as actividades produtivas afectadas: o sector da pesca e marisqueo, o turismo, a artesanía e o comercio.

Os obxectivos das actuacións concernentes ó sector da pesca e o marisqueo son o de incrementos o valor engadido destas actividades e o de mellora-las condicións de vida dos traballadores do mar.

O **cadro 5.4.7.** amosa os cinco ámbitos de aplicación (pesca de baixura, poten-

ciación da industria de transformación, potenciación da acuicultura, outras actuacións e o saneamento das rías galegas) e o investimento previsto para cada un deles. O investimento total previsto no sector da pesca e do marisqueo ascende a 440,2 millóns de euros, dos que 206 millóns de euros corresponden ás actuacións dirixidas á potenciación da industria de transformación, 114 millóns de euros ó saneamento das rías galegas, e 87 millóns de euros á pesca de baixura.

No subsector do turismo investiranse un total de 40 millóns de euros, dos que 28 millóns de euros están dirixidas ás diversas actividades de promoción de Galicia, e 12 millóns de euros a Plans de dinamización e excelencia turística.

Ó subsector do comercio destínanse un total de 58 millóns de euros. A actuación de “apoio ás Corporacións Locais para o investimento en mercados detallistas, rúas peatonais-comerciais e outros equipamentos de carácter social” é a que acollerá o maior investimento, con 22,3 millóns de euros, seguíndolle en importancia a de “axudas a asociacións sen din de lucro para actividades de loxística, distribución e promoción comercial”, con 15,6 millóns de euros.

Asemade, dentro das medidas de apoio ó subsector da artesanía, o plan de dinamización recolle un programa concreto para encaixe de bolillos, que inclúe actuacións para o fomento da inserción laboral/empresarial, o deseño, a capacitación profesional, a adaptación de medios productivos, a introducción de técnicas de xestión empresarial, a certificación de produto e ferramentas de apoio á comercialización. O investimento previsto para este programa ascende a 1,6 millóns de euros.

Finalmente, cómpre salientar que a pesar de que un dos obxectivos do investimento programado no Plan de Dinamiza-

5.4.7.

**Plan de dinamización económica de Galicia: plans de actuación para os sectores e zonas afectados polo vertido do Prestige**

	<b>Investimento</b> <i>(en millóns de euros)</i>
<b>Pesca e marisqueo</b>	
<b>Pesca de baixura</b>	
Intensifica-la renovación e modernización da flota de baixura.	40
Creación dun barco de GT's para facilitar que as embarcacións se constrúan con maiores estándares de seguridade.	10
<b>Accións sobre a flota costeira artesanal.</b> Están dirixidas a organizar unhas cadeas de produción constituída e integrada polos profesionais do mar, cunha infraestrutura básica para conseguilo aproveitamento óptimo dos recursos e xerar valor engadido.	14
<b>Potenciación da industria de transformación</b>	
<b>Medidas socioeconómicas:</b> primas para acceder á propiedade de buques a menores de 35 anos, primas de diversificación ...	23
Apoio á creación, renovación e transformación das estruturas pesqueiras, así como a mellora do aparato productivo das industrias vinculadas a esta actividade e á acuicultura.	179
Creación de "mini-Infraestructuras" en porto, de xeito que se poida abordar unha primeira transformación: motobombas, equipamentos de frío.	27
<b>Potenciación da acuicultura</b>	
Creación de "Parques de Tecnoloxía Alimentaria" onde radiquen as empresas vinculadas á explotación dos produtos acuícolas, de xeito que se xere un valor engadido na propia zona de produción.	15
Aprobación de normativa que posibilite a redución dos prazos de autorización para a instalación destas actividades de 2 anos a seis meses.	
<b>Outras actuacións</b>	
Creación do "Fondo de capital risco para actividades acuícolas".	5
Creación do "Centro Tecnolóxico de Control do Medio Marino", "Centro de Biotecnoloxía Mariña" e "Centro Tecnolóxico de Repoboación de especies mariñas"	1,2
<b>Recuperación de zonas improproductivas</b> que tradicionalmente se caracterizan pola alta produción dos seus bancos marisqueiros e de pescados.	5
<b>Formación.</b> Reactivaranse as accións formativas de adultos, de carácter ocupacional ou profesional, que faciliten unha mellor preparación dos profesionais do mar.	7
<b>Saneamento das rías galegas</b>	
E necesario contar cun axitado saneamento das augas das rías para dispor das condicións necesarias nas que desenvolver unha acuicultura competitiva a nivel internacional. Para isto, interesárase do Ministerio de Medio Ambiente a declaración destas obras como de interese xeral.	114
<b>Turismo</b>	
<b>Actividades de promoción de Galicia</b>	
Realizaranse campañas, tanto no interior como no exterior de España, para promocionar Galicia e neutraliza-la negativa imaxe que se transmitiu das praias e medio ambiente en xeral.	24
<b>Plans de dinamización e excelencia turística</b>	
Campaña de promoción específica de Galicia (investimento a aportar pola Adm. Central)	4
Realizarase un Plan de dinamización turística para a Costa da Morte (5 millóns de euros), Plan de dinamización turística para a comarca de O Salnés (3,35 millóns de euros), un Plan de excelencia turística para Ribadeo/Castropol (2,4 millóns de euros).	12
<b>Artesanía</b>	
<b>Programa concreto para encaixe de bótillos</b>	
Inclúe actuacións para o fomento da inserción laboral/empresarial, o deseño, a capacitación profesional, a adaptación de medios productivos, a introdución de técnicas de xestión empresarial, a certificación de produto e ferramentas de apoio á comercialización.	1,64
<b>Comercio</b>	
Apoio ás CC.LL. para o investimento en mercados deallistas, rúas peonais-comerciais e noutros equipamentos de carácter social.	22,3
Axudas a asociacións sen fin de lucro para actividades de loxística, distribución e promoción comercial.	15,55
Subvencións para renovación do pequeno comercio.	9,4
Subvencións a asociacións para a revitalización comercial (centros comerciais abertos, centrais de compras, servizos comúns de xestión).	10,77

Fonte: Xunta de Galicia, Plan de dinamización económica "Plan Galicia"



ción económica de Galicia 2003-2006 é o de minimiza-lo impacto negativo da contaminación provocada polo afundimento do *Prestige*, non inclúe aspectos relativos á avaliación e restauración dos danos mediambientais causados polos vertidos do petróleo, que se considerarán dentro dun plan específico.

Segundo se recolle no devandito Plan de dinamización, os principais obxectivos que terá este plan específico son:

- Establece-la actuacións necesarias para a axeitada e homoxénea avaliación dos danos ambientais, incluíndo a súa valoración económica;
- Dispor dunha base consistente e suficiente para proceder ó exercicio das reclamacións ó FIDAC e ó Fondo de Solidariedade da UE, así como das accións legais que se requiran para a esixencia de responsabilidades ós causantes dos vertidos;
- Facilita-lo exercicio coordinado das competencias dos distintos órganos implicados, definindo con claridade as funcións atribuídas a cada un e establecendo os mecanismos necesarios para garanti-la súa eficiente execución;
- Identificar e defini-la metodoloxía a empregar para a selección das alternativas de restauración, e establece-los sistemas máis axeitados para a súa conseguinte execución.

### O Plan Galicia da Administración Xeral do Estado

Xunto ás medidas mencionadas no devandito Plan de dinamización económica de Galicia, o Goberno central acordou incrementa-lo presuposto para Galicia en materia de estradas e ferrocarril, co obxectivo de acadar unha redución dos tempos das obras e unha mellora nas liñas de alta velocidade entre Galicia e a Meseta. Asemade, este incremento supuña unha apos-

ta polo estudio de viabilidade do porto exterior de Galicia.

Como recolle o **cadro 5.4.2.**, está previsto o desenvolvemento de cinco novas actuacións, nos que se investirán un total de 3.616 millóns de euros. O investimento máis importante corresponde ó AVE Ferrol-Bilbao, con 1.476 millóns de euros no treito galego, sendo de 780 millóns de euros no caso do AVE Lugo-A Coruña, e de 690 millóns de euros, no caso do AVE subcantábrico Ponferrada-Monforte no treito galego.

Asemade, nas actuacións xa comprometidas invístense un total de 5.148,5 millóns de euros, sendo as actuacións máis importantes en canto ó investimento previsto, as correspondentes ó AVE Lubián-Ourense e ó AVE Ourense-Santiago, con 2.400 e 1.200 millóns de euros, respectivamente.

### Desenvolvemento interior de Galicia

A primeira aproximación ó desenvolvemento interior de Galicia realízase a partires dos datos referidos ó **territorio e poboación** en Galicia. Como reflicte o **cadro C.5.11.** (*Territorio e poboación nas áreas funcionais galegas*), se considerámo-la separación entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, os 138 concellos pertencentes á Galicia occidental-costa acollen o 69,8% da poboación galega segundo os datos do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2003, sendo a súa densidade de poboación de 192,3 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 42,3 habitantes por quilómetro cadrado da denominada Galicia interior.

O número de entidades de poboación na Galicia interior ascendeu a 16.283, o 54,4% do total de Galicia, o que da mostra do grao de dispersión da poboación galega.

5.4.8.

Paro rexistrado nas oficinas de emprego a 31 de decembro de 2003: distribución segundo sexo, nivel de estudos e sector económico

	Vigo	Pontevedra	Lalín	Ourense	O Barco	Verín	Lugo	Monforte	A Mariña	Ferrol	A Coruña	Santiago	Galicia	Galicia Occidental- costa	Galicia interior
<b>Total</b>	32.708	21.120	2.539	14.502	1.498	2.439	10.486	2.801	3.209	13.028	30.580	22.427	157.337	116.746	40.591
Homes	12.698	8.018	1.075	6.052	688	1.115	4.697	1.300	1.186	4.876	12.791	9.097	63.593	45.887	17.706
Mulleres	20.010	13.102	1.464	8.450	810	1.324	5.789	1.501	2.023	8.152	17.789	13.330	93.744	70.859	22.885
<b>Segundo nivel de estudos</b>															
grao superior	1.607	1.137	147	712	48	30	629	111	163	659	2.076	1.803	9.122	7.283	1.839
grao medio	1.284	840	105	765	73	43	850	126	196	624	1.413	798	7.117	4.987	2.130
formación profesional	2.625	2.042	255	1.046	181	152	1.009	332	443	999	2.404	1.705	13.193	9.728	3.465
BUP	4.205	2.211	306	1.929	128	124	1.083	266	385	1.694	3.367	2.962	18.660	14.327	4.333
EXB	12.871	8.730	882	4.564	427	667	3.040	914	1.068	5.060	10.458	8.996	57.677	44.810	12.867
certificado escolaridade	9.381	5.481	665	4.833	586	1.295	3.354	964	713	3.635	9.884	5.310	46.101	32.109	13.992
primarios sen certificado	691	656	178	640	52	122	545	87	239	344	904	761	5.219	3.277	1.942
sen estudos	44	23	1	13	3	6	10	1	2	13	74	62	252	195	57
<b>Distribución sectorial</b>															
Agricultura e pesca	902	823	56	365	28	72	202	90	131	207	548	563	3.987	2.980	1.007
industria	6.818	3.651	345	2.060	362	388	1.147	311	285	1.911	4.993	4.257	26.518	20.699	5.819
electricidade	23	10	4	12	16	41	20	3	2	15	146	18	310	210	100
construción	2.972	2.198	425	2.030	222	503	1.425	470	382	1.631	3.946	3.247	19.451	13.315	6.136
comercio e hostalería	7.201	4.553	452	2.866	282	409	2.223	494	707	2.191	6.142	4.138	31.658	23.817	7.841
transporte e comunicacións	960	718	58	263	26	55	345	84	64	262	958	647	4.440	3.455	985
outros servizos	8.573	5.476	553	4.447	387	576	3.357	862	1.152	3.210	9.334	5.526	43.453	31.951	11.502
sen emprego anterior	5.269	3.691	646	2.459	175	395	1.767	487	486	3.601	4.523	4.031	27.530	20.319	7.211

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

Atendendo ós datos das diferentes áreas funcionais, A Coruña e Vigo son as que presentan a maior poboación, con 526.436 e 513.396 habitantes (o 19,1% e o 18,7% da poboación galega, respectivamente). En termos de densidade de poboación, a área funcional con maior densidade é Vigo, con 319,8 habitantes por quilómetro cadrado, seguido de Pontevedra, con 257,1 hab./km<sup>2</sup>. Pola contra, as que presentan unha menor densidade son Verín e O Barco, con 21,0 e 24,9 hab./km<sup>2</sup>, respectivamente.

No concernente ó estudio do **mercado laboral**, o **cadro 5.4.8.** reflicte que o número de parados rexistrados no Servizo Galego de Colocación (SGC) a 31 de decembro do 2003 ascendeu a 157.337 persoas, das que o 74,2% están na Galicia occidental-costa (esta acolle o 69,8% da poboación galega segundo a revisión do padrón a 1 de xaneiro do 2003).

Atendendo á desagregación segundo o nivel de estudos, do **cadro 5.4.8.** dedúcese que o 36,7% dos parados rexistrados (57.677 persoas) corresponde a persoas con EXB e un 29,3% (46.101) a persoas con certificado de escolaridade. Este cadro amosa certas diferencias entre a Galicia interior e a Galicia costa, xa que o peso relativo dos desempregados con estudos de EXB, BUP e estudos superiores é superior na Galicia costa que na Galicia interior; mentres que no caso dos desempregados con certificado de escolaridade e persoas con estudos primarios sen certificado, acontece o contrario.

Segundo a súa distribución sectorial, o subsector comercio e hostalería é o que abrangue a maior porcentaxe de paro rexistrado, co 20,1% (31.658 persoas) do desemprego total rexistrado en Galicia, seguido dos desempregados sen emprego anterior, co 17,5% (27.530 persoas), e do sector industrial, co 16,9% (26.518 persoas).

Comparado coa media galega, cómpre salienta-la elevada porcentaxe do paro industrial en O Barco e Vigo (24,2% e 20,8% do desemprego nesas áreas funcionais). A porcentaxe de persoas sen emprego anterior acada o 27,6% en Ferrol e o 25,4% en Lalín, mentres que no caso da construción, fronte ó 12,4% de media en Galicia, na área funcional de Verín supera o 20% e en Monforte e Lalín, esta se aproxima o 17%. Finalmente, a importancia relativa do desemprego rexistrado no sector primario foi do 2,5% en Galicia, sendo as áreas funcionais de A Mariña e Pontevedra as que presentan a maior porcentaxe co 4,1% e 3,9% do desemprego rexistrados nas súas áreas funcionais, respectivamente.

Os **cadros 5.4.9.** e **5.4.10.** reflicten as ofertas e demandas rexistradas de media no cuarto trimestre do 2003 nas oficinas de emprego. Das 44.038 ofertas rexistradas, o 73 % realízase na Galicia occidental-costa, mentres que no caso das demandas de emprego (242.957), esta porcentaxe ascende ó 71,2%.

No caso dos contratos rexistrados no Servizo Galego de Colocación, o **cadro 5.4.11.** amosa que dos 677.167 contratos (55,0% a homes), un 82,4% corresponden á Galicia occidental-costa. Atendendo á distribución dos contratos rexistrados nas áreas funcionais segundo rama de actividade, cómpre salientar, dunha banda, que mentres que o sector primario rexistra o 2,7% dos contratos galegos, na Mariña e e Monforte, estas porcentaxes ascenden ó 6,4% e 6,0%, respectivamente.

Na área funcional de Pontevedra a actividade dos transportes e telecomunicacións acolle o 22,7% dos contratos nesa área fronte ó 8,8% de media en Galicia, mentres que en O Barco predominan os contratos na industria, co 43,3% dos contratos rexistrados nesa área funcional (13,3% de media en Galicia), e en Lalín

5.4.9.

**Ofertas de emprego rexistradas no Servizo Galego de Colocación 2003: distribución segundo áreas funcionais**

	Total	Agrario	Construcción	Industria	Servizos
<b>A Coruña</b>	32.563	338	3.116	5.786	23.323
Ferrol	3.684	52	235	754	2.643
A Coruña	17.759	131	1.907	2.967	12.754
Santiago	11.120	155	974	2.065	7.926
<b>Lugo</b>	10.223	367	567	1.488	7.801
A Mariña	3.131	73	127	274	2.657
Lugo	5.959	213	385	976	4.385
Monforte	1.133	81	55	238	759
<b>Ourense</b>	11.072	106	1.001	2.227	7.738
Ourense	9.605	86	771	1.950	6.798
O Barco	654	20	116	119	399
Verín	813	-	114	158	541
<b>Pontevedra</b>	32.779	361	3.560	6.002	22.856
Vigo	13.542	88	1.551	2.656	9.247
Pontevedra	17.293	254	1.683	2.796	12.560
Lalín	1.944	19	326	550	1.049
<b>Galicia Occidental-costa</b>	64.078	679	6.182	10.944	46.273
<b>Galicia interior</b>	22.559	493	2.062	4.559	15.445
<b>Total</b>	<b>86.637</b>	<b>1.172</b>	<b>8.244</b>	<b>15.503</b>	<b>61.718</b>

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

5.4.10.

**Demandantes de emprego no Servizo Galego de Colocación 2003**

	Total	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
				(%)	
<b>A Coruña</b>	100.307	40.155	60.152	40,0	60,0
Ferrol	22.443	9.525	12.918	42,4	57,6
A Coruña	45.491	18.041	27.450	39,7	60,3
Santiago	32.373	12.589	19.784	38,9	61,1
<b>Lugo</b>	25.967	10.972	14.995	42,3	57,7
A Mariña	4.951	1.813	3.138	36,6	63,4
Lugo	16.764	7.212	9.552	43,0	57,0
Monforte	4.252	1.947	2.305	45,8	54,2
<b>Ourense</b>	30.681	12.449	18.232	40,6	59,4
Ourense	24.440	9.724	14.716	39,8	60,2
O Barco	2.610	1.090	1.520	41,8	58,2
Verín	3.631	1.635	1.996	45,0	55,0
<b>Pontevedra</b>	86.002	32.208	53.794	37,5	62,5
Vigo	50.257	19.190	31.067	38,2	61,8
Pontevedra	31.512	11.251	20.261	35,7	64,3
Lalín	4.233	1.767	2.466	41,7	58,3
<b>Galicia Occidental-costa</b>	181.816	68.209	108.992	37,5	59,9
<b>Galicia interior</b>	61.141	27.575	38.181	45,1	62,4
<b>Total</b>	<b>242.957</b>	<b>95.784</b>	<b>147.173</b>	<b>39,4</b>	<b>60,6</b>

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

salientan os contratos na construción e na Industria, co 33,5% (13,0% de media en Galicia) e 22,0% dos contratos rexistrados.

No concernente ó **desenvolvemento empresarial**, os datos recollidos no *Directorio de empresas e unidades locais 2002* do IGE amosan que das 170.914 empresas con sede social en Galicia que a

1 de xaneiro de 2002 realizaban algunha actividade económica, as 24 comarcas emprazadas na denominada Galicia occidental-costa acollen o 70,8% das mesmas. Tomando como referencia o mesmo período do ano anterior un 11,0% das empresas galegas con sede social en Galicia iniciaron o exercicio dalgunha actividade económica nese ano, sendo esta porcentaxe do 11,5% no caso das empresas empraza-

## 5.4.11.

## Contratos rexistrados no Servizo Galego de Colocación 2003

	Total	Homes	Mulleres	Agricultura e pesca	Industria	Electricidade	Construción	Comercio e hostalaría	Transporte e telecomunicacións	Outros
<b>A Coruña</b>	298.865	159.699	139.166	5.224	38.486	440	42.174	62.423	18.465	131.653
Ferrol	34.394	19.965	14.429	426	5.830	13	6.744	6.435	1.049	13.897
A Coruña	163.346	82.340	81.006	3.046	20.636	364	20.086	40.506	10.179	68.529
Santiago	101.125	57.394	43.731	1.752	12.020	63	15.344	15.482	7.237	49.227
<b>Lugo</b>	66.330	33.787	32.543	2.692	4.998	18	7.413	13.214	3.800	34.195
A Mariña	18.490	8.327	10.163	1.190	1.218	3	2.106	3.049	754	10.170
Lugo	39.410	21.835	17.575	992	3.177	14	4.589	9.100	2.626	18.912
Monte	8.430	3.625	4.805	510	603	1	718	1.065	420	5.113
<b>Ourense</b>	48.901	27.905	20.996	1.228	8.099	130	7.587	10.878	1.368	19.611
Ourense	39.431	22.274	17.157	1.037	5.344	34	6.012	9.255	1.035	16.714
O Barco	5.252	3.391	1.861	59	2.273	27	825	946	119	1.003
Verín	4.218	2.240	1.978	132	482	69	750	677	214	1.894
<b>Pontevedra</b>	263.071	151.366	111.705	8.815	38.243	143	30.670	50.914	36.243	98.043
Vigo	162.177	90.026	72.151	4.984	22.448	100	14.781	30.729	15.076	74.059
Pontevedra	91.213	54.697	36.516	3.624	13.661	29	12.646	18.727	20.690	21.836
Lalin	9.681	6.643	3.038	207	2.134	14	3.243	1.458	477	2.148
<b>Galicia Occidental-costa</b>	557.820	304.796	252.810	14.456	73.045	563	68.455	112.546	54.518	234.023
<b>Galicia interior</b>	119.347	67.961	51.600	3.503	16.781	168	19.389	24.883	5.358	49.479
<b>Total</b>	<b>677.167</b>	<b>372.757</b>	<b>304.410</b>	<b>17.959</b>	<b>89.826</b>	<b>731</b>	<b>87.844</b>	<b>137.429</b>	<b>59.876</b>	<b>283.502</b>

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Informe comercial do mercado laboral

5.4.12.

Empresas en Galicia a 1 de xaneiro de 2002: distribución segundo áreas funcionais

	Áreas Funcional de Ferrol	Áreas Funcional de A Coruña	Áreas Funcional de Santiago	Áreas Funcional de Montforte	Áreas Funcional de Lugo	Áreas Funcional de A Mariña	Áreas Funcional de Ourense	Áreas Funcional de Verín	Áreas Funcional de O Barco	Áreas Funcional de Vigo	Áreas Funcional de Pontevedra	Áreas Funcional de Lalín	Órdenes Interior	Órdenes Occidentais-coasta	Total Galicia
<b>Sector industrial</b>	724	3.129	2.001	344	1.240	409	1.745	179	276	2.865	1.600	547	5.095	9.964	15.059
Industrias extractivas	15	27	21	12	42	25	46	7	36	154	25	14	185	239	424
Extracción de produtos enerxéticos	1	1	0	0	3	1	0	0	0	0	0	0	3	3	6
Extracción doutros produtos minerais agás produtos enerxéticos	14	26	21	12	39	24	46	7	36	154	25	14	182	236	418
Industria manufacturera	692	3.054	1.945	328	1.184	379	1.689	172	237	2.696	1.566	529	4.867	9.604	14.471
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	153	418	360	122	265	73	443	69	81	330	359	101	1.229	1.535	2.764
Industria téxtil e da confección	74	689	310	20	62	19	152	22	5	319	152	67	473	1.368	1.861
Industria do coiro e do calzado	0	15	9	8	5	2	14	1	0	10	2	1	32	35	67
Industria da madeira e da cortiza	84	294	275	37	138	82	251	30	36	318	202	124	739	1.132	1.871
Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	48	262	164	8	57	17	45	5	6	265	96	23	168	828	996
Industria química	7	33	20	0	8	1	19	2	0	39	17	7	44	109	153
Industria da transformación do caucho e materias plásticas	6	53	13	1	16	1	26	0	0	92	16	2	56	170	226
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	35	175	117	23	92	33	134	14	47	219	114	42	412	633	1.045
Metallería e fabricación de produtos metálicos	114	426	319	65	276	57	294	27	43	474	263	84	904	1.538	2.442
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	21	139	51	4	54	17	32	0	6	121	57	11	130	383	513
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	26	111	55	6	36	9	55	2	5	123	37	8	120	353	473
Fabricación de material de transporte	47	69	40	3	14	30	20	0	1	188	109	1	44	488	532
Industrias manufacturerais diversas	77	400	212	31	161	38	204	10	7	188	142	58	516	1.012	1.528
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	17	48	35	4	14	5	10	0	3	15	9	4	43	121	164
<b>Construción</b>	1.245	4.738	2.883	529	1.844	727	2.938	295	436	3.405	2.916	764	7.931	14.789	22.720
<b>Sector servizos</b>	8.579	29.793	17.722	2.419	11.224	3.350	12.562	1.394	1.435	25.657	15.848	3.152	36.817	96.318	133.135
Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	3.312	11.096	6.909	1.089	4.314	1.481	5.138	631	640	10.492	7.079	1.357	15.145	38.393	53.538
Hostalería	1.653	4.178	3.104	404	1.683	564	2.089	269	256	3.380	2.517	563	6.199	14.481	20.680
Transporte, almacenamento e comunicacións	726	2.842	1.644	252	1.467	359	1.132	196	148	2.641	1.335	431	4.311	8.862	13.173
Intermediación financeira	184	548	337	43	219	73	248	22	31	469	238	56	717	1.751	2.468
Actividades inmobiliarias e de alugueiro; Servizos empresariais	1.397	7.119	3.140	314	2.001	416	2.322	195	184	5.305	2.682	380	5.853	19.542	25.395
Educación	212	559	419	35	204	62	231	17	21	568	268	39	601	2.054	2.655
Actividades sanitarias e veterinarias; Servizos sociais	383	1.280	813	80	546	121	488	36	46	1.027	625	100	1.398	4.147	5.545
Outras act. sociais e de servizos prestados á Comunidade; Servizos persoais	712	2.171	1.356	202	790	274	914	88	109	1.755	1.104	206	2.593	7.088	9.681
<b>Total</b>	10.548	37.660	22.606	3.292	14.308	4.486	17.245	1.868	2.147	31.927	20.364	4.463	49.843	121.071	170.914

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Directorio de empresas de Galicia

## 5.4.13.

Altas empresariais rexistradas nas áreas funcionais galegas <sup>(1)</sup>

	Altas		Empresas		Altas / Emp.
		(%)		(%)	(%)
A Coruña	3.930	20,9	37.660	22,0	10,4
Ferrol	1.068	5,7	10.548	6,2	10,1
Santaigo	2.914	15,5	22.606	13,2	12,9
Lugo	1.442	7,7	14.308	8,4	10,1
A Mariña	407	2,2	4.486	2,6	9,1
Monforte	322	1,7	3.292	1,9	9,8
Ourense	1.651	8,8	17.245	10,1	9,6
O Barco	221	1,2	2.147	1,3	10,3
Verín	192	1,0	1.868	1,1	10,3
Pontevedra	2.419	12,9	20.364	11,9	11,9
Lalín	457	2,4	4.463	2,6	10,2
Vigo	3.800	20,2	31.927	18,7	11,9
<b>Total</b>	<b>18.823</b>	<b>100</b>	<b>170.914</b>	<b>100</b>	<b>11,0</b>
<b>Galicia occidental-costa</b>	<b>13.869</b>	<b>73,7</b>	<b>121.071</b>	<b>70,8</b>	<b>11,5</b>
<b>Galicia interior</b>	<b>4.954</b>	<b>26,3</b>	<b>49.843</b>	<b>29,2</b>	<b>9,9</b>

(1) A data de referencia é o 1 de xaneiro de 2002, e por altas enténdese aquelas unidades activas que se rexistran no ano anterior á data de referencia (ano t) e que no período t-1 non estaban activas

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Directorio de empresas e unidades locais

das na Galicia occidental-costa e do 9,9% se falamos das empresas do interior.

O **cadro 5.4.12.** amosa unha concentración de empresas no sector servizos (73,9% no interior e 79,6% na Galicia occidental-costa), e dentro destes, salientan os servizos comerciais, cunha porcentaxe superior ó 30%, a hostalería, cun 12%, e os servizos empresariais, que acollen o 16,1% no caso das 24 comarcas da costa e o 11,7% nas do interior. Asemade, cómpre salienta-la concentración das empresas dedicadas ás actividades de fabricación de material de transporte e das industrias do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados nas comarcas costeiras, ó acolle-lo 91,7% e 83,1%, respectivamente, das empresas que realizan estas actividades en Galicia.

No que atinxe á condición xurídica das empresas, as comarcas da Galicia occidental-costa acollen o 79,3% das sociedades anónimas e o 74,6% das sociedades de responsabilidade limitada, en tanto que esta porcentaxe acada o 57,1% no caso das cooperativas. As áreas funcionais de Vigo e A Coruña presentan un predominio nas diferentes condicións xurídicas agás no caso das cooperativas, onde Santiago e Lugo son as dúas áreas funcio-

nais co maior número deste tipo de empresas.

No conxunto de empresas predominan as empresas sen asalariados, que representan o 58,4% das empresas empazadas na denominada Galicia occidental-costa, e o 60,2% no caso das comarcas interiores. Comparado co total galego, as 24 comarcas costeiras acollen o 70,2% das empresas sen asalariados, aumentando esta porcentaxe a medida en que se incrementa o número de asalariados (71,0% nas empresas de menos de 10 asalariados, 76,4% nas empresas de 10 a 49 asalariados, ou 79,0% nas de 50 a 99 asalariados).

As áreas funcionais de A Coruña e Vigo son as que acollen o maior número de altas empresariais rexistradas, con 3.930 (20,9% das altas galegas) e 3.800 (20,2%), respectivamente. Se se considera a relación entre o número de altas e o número de empresas que realizan algunha actividade na data de referencia, o **cadro 5.4.13.** amosa que a área funcional de Santiago é a que presenta a porcentaxe máis alta, co 12,9%, seguida de Pontevedra e Vigo, co 11,9%.

En relación ós **indicadores económicos** de Galicia, **cadro C.5.12.** (*Princi-*

*país indicadores económicos das áreas funcionais galegas 2002*) a “cota de mercado” –índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa mediante un termo medio de números índices de distintas variables para expresa-la participación (en tanto por 100.000 sobre o total nacional)– amosa que a Galicia occidental presenta unha capacidade de consumo de 4.294 (o 69,1% do valor do índice en Galicia) e que na Galicia interior, este é do 1.916.

Comparado co ano 1998, diminúe tanto a participación galega no conxunto do Estado (6,5% en 1998 e 6,2% en 2003) como a importancia relativa dos concellos do interior no total galego (31,3% en 1998 e 30,9% en 2003).

Respecto ós diferentes “índices” hai que salientar que a Galicia occidental costa ten uns valores superiores ó 70% do total de Galicia, agás no caso do índice turístico, que expresa a importancia turística desta área representa o 82,0% do valor total de Galicia.

Centrándonos no caso das áreas funcionais, a área funcional de A Coruña é a que presenta os maiores valores nos diferentes indicadores considerados, seguida sempre por Vigo agás no caso do índice turístico, onde as áreas funcionais de Santiago e Pontevedra sitúanse por detrás de A Coruña.

Pola contra, Verín e O Barco son as dúas áreas funcionais con menores valores nos diferentes índices, agás no caso do índice industrial, onde Verín é a área funcional co índice menor, seguida de Lalín, Monforte e O Barco.

En relación ás variables con incidencia na actividade económica, **cadro C.5.13.** (*Principais variables con incidencia na actividade económica nas áreas funcionais galegas*), cómpre salientar que a meirande parte das variables considera-

das seguen unha distribución Galicia occidental-costa e Galicia interior similar á existente para a variable poboacional.

Así a Galicia occidental-costa acolle en torno ó 70% dos teléfonos, vehículos de motor, empresas, actividades comerciais polo miúdo, ou actividades de restauración e bares, en tanto que a porcentaxe de actividades industriais e de oficinas bancarias na Galicia occidental-costa é inferior ó 67% e o peso relativo do número de actividades comerciais por xunto no total galego supera o 73%.

Ó igual que acontecía no caso dos diferentes índices económicos, A Coruña e Vigo son as áreas funcionais que presenta os valores máis altos das variables consideradas, mentres que as áreas funcionais menos desenvolvidas seguen a ser Verín e O Barco.

A partir dos datos *Directorio de Empresas de Galicia* presentado polo IGE e os datos do estudo sobre as *Actividades Empresariais de Galicia* do Ardán, é posible coñecer-la distribución das empresas segundo a súa actividade económica e a área funcional á que pertencen.

Atendendo á distribución entre Galicia occidental-costa e á Galicia interior, os **cadros 5.4.13.** e **C.5.14.** (*VEB e Ingresos de explotación das empresas galegas 2000-01: distribución segundo áreas funcionais*) reflicten que as 24 comarcas pertencentes ó primeiro grupo acollen, segundo os datos do IGE o 70,8% do total de empresas que teñen a súa sede social en Galicia (o 74,9% segundo a metodoloxía empregada polo Ardán), xerando o 84,6% do VEB de 2001 e o 86,3% dos ingresos de explotación (fonte Ardán).

Nestas comarcas salienta, por unha banda, o elevado peso relativo no total galego das empresas pertencentes ó sub-sector fabricación de material de transpor-



## 5.4.14.

Oferta en residencias para maiores e centros educativos: distribución segundo área funcional

	Residencias	Plazas residencias	Plazas residencias / 1.000 habitantes 65 e máis anos	Centros de maiores	Centros escolares	Centros públicos	Centros privados	Centros escolares educación infantil
<b>A Coruña</b>	28	2.917	13,2	31	874	671	203	544
Ferrol	4	541	11,8	10	141	101	40	85
<b>A Coruña</b>	16	1.911	19,1	15	360	262	98	232
Santiago	8	465	6,1	6	373	308	65	227
<b>Lugo</b>	21	2.179	21,8	7	262	223	39	158
A Mariña	4	295	15,9	2	61	56	5	34
Lugo	11	1.368	24,5	4	150	122	28	97
Monforte	6	516	24,8	1	41	36	5	21
<b>Ourense</b>	39	2.725	28,4	6	241	176	65	159
Ourense	28	1.752	24,0	4	183	125	58	122
O Barco	7	577	67,7	1	26	23	3	16
Verín	3	352	31,6	1	28	24	4	18
<b>Pontevedra</b>	24	2.062	12,7	18	733	535	198	484
Vigo	14	1.209	14,3	10	378	240	138	239
Pontevedra	8	737	12,9	6	302	248	54	210
Lalín	2	116	5,8	2	51	46	5	33
<b>Galicia Occidental-costa</b>	47	4.813	13,7	47	1.491	1.101	390	960
<b>Galicia interior</b>	64	5.026	22,9	15	603	490	113	374
<b>Total</b>	112	9.883	17,0	62	2.110	1.605	505	1.345

(1) A data media de referencia do número de residencias e prazas residenciais é xuño de 2003, e a de centros escolares é xullo de 2003. Para o cálculo da relación prazas residenciais e habitantes maiores de 65 anos, teñense en conta os datos do Padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2002.

Fonte: La Caixa, Anuario Social de España

te, co 91,7% das empresas, e das industrias do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados, co 83,1%, pola contra, a importancia relativas das industrias extractivas (e a dos seus compoñentes), acada o 56,4%, a das industrias de alimentación, bebidas e tabaco, o 55,5% e a das industrias do coiro e do calzado, o 52,2%.

O devandito **cadro C.5.14.** amosa a concentración da actividade nas áreas funcionais de A Coruña e Vigo, onde as empresas emprazadas nestas áreas funcionais (o 46,0% do total das empresas galegas consideradas polo Ardán) xeran o 60,6% do valor engadido bruto e o 60,9% dos ingresos de explotación en 2002.

Estas dúas áreas funcionais acollen máis da metade das empresas galegas no caso das industrias de transformación do caucho e materias plásticas (64,2%), da industria do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados (52,9%), da industria téxtil e da confec-

ción (52,6%), da industria da construción de maquinaria e equipo mecánico (50,7%) e da industria de fabricación de material de transporte, co 50,2%.

Finalmente, o **cadro 5.4.14.** fai referencia a **indicadores sociais** coma o número de residencias e prazas en residencias en Galicia e nas diferentes áreas funcionais, así como o número de centros de maiores e centros escolares, tanto públicos coma privados.

### Os investimentos territorializados das administracións públicas

O investimento público real territorializado ascendeu en 2003 ata os 616,02 euros por habitante, sendo en 2002 de 536,29 euros por persoa. Este incremento prodúcese tanto no caso da C.A., con 36,26 euros por habitante máis, como no caso do Estado e das entidades locais, con 27,39 euros e 16,08 euros por habitante máis que en 2002.

## 5.4.15.

## Investimentos plurianuais do Estado 2003-07: distribución territorial

	2003	2004	2005	2006	2007
	(en millóns de €)				
Andalucía	1.099	1.198	1.217	1.549	1.351
Aragón	539	574	552	554	341
Asturias	393	392	369	274	245
Baleares	129	116	126	43	38
Canarias	168	176	138	198	108
Cantabria	180	154	366	210	102
Castela e León	661	671	614	826	693
Castela-A Mancha	386	407	488	466	473
Cataluña	324	317	284	438	337
Extremadura	260	278	343	297	378
<b>Galicia</b>	<b>501</b>	<b>690</b>	<b>663</b>	<b>522</b>	<b>450</b>
Madrid	932	894	916	1.038	875
Murcia	232	235	240	241	265
A Rioxa	88	89	86	73	70
C. Valenciana	474	473	423	393	318
Navarra	32	18	30	72	119
País Vasco	106	84	63	56	72
Ceuta	24	25	20	21	25
Melilla	30	28	29	31	41
<b>Total rexionalizable</b>	<b>6.558</b>	<b>6.819</b>	<b>6.967</b>	<b>7.302</b>	<b>6.301</b>
<b>Non Rexionalizable</b>	<b>2.626</b>	<b>2.756</b>	<b>2.766</b>	<b>3.009</b>	<b>4.255</b>
<b>Exterior</b>	<b>462</b>	<b>567</b>	<b>769</b>	<b>796</b>	<b>707</b>
<b>Total</b>	<b>9.646</b>	<b>10.142</b>	<b>10.502</b>	<b>11.107</b>	<b>11.263</b>
<b>Total rexionalizable/Total (%)</b>	<b>68,0</b>	<b>67,2</b>	<b>66,3</b>	<b>65,7</b>	<b>55,9</b>

Fonte: Presupuestos Generales del Estado para 2004

Esta medra fai que se produza unha redución do diferencial coa media estatal rexionalizada xa que no último ano este investimento era un 11,7% inferior, cando en 2002 era un 15,2% inferior. En relación á media do investimento total, o investimento por habitante en Galicia era en 2003 un 17,4% inferior, fronte ó 20,6% de 2002.

No ano 2003, tódolos axentes das administracións públicas agás a Comunidade Autónoma incrementaron o seu investimento público real territorializado por habitante en Galicia, de tal xeito que a participación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes a investimento civil ó longo do ano 2003 reflicte a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 50,4%; os Concellos, cun 22,4%; o Estado, cun 20,8%; e as Deputacións, cun 6,3%. (**cadro C.5.6. Investimento público real territorializado nas CC.AA. segundo axentes das administracións públicas 2002-2003: presupostos iniciais**).

Se se compara o investimento público por habitante na comunidade galega coa media rexionalizable, o principal desfase prodúcese no caso dos concellos, con 129,83 euros menos, seguido polo investimento estatal, que é 9,67 euros inferior. Se a comparación se fai coa media total, este desfase é de 129,83 euros e 57,66 euros, respectivamente.

O **cadro 5.4.15.** amosa os investimentos plurianuais do Estado nas diferentes comunidades autónomas no período 2003-07. Do total do investimento rexionalizable presupostado para o ano 2003 (6.558 millóns de euros), Galicia acolle o 7,6% dos mesmos (501 millóns de euros).

### Indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria

A recadación tributaria dos anos 2002 e 2003, extractada nas principais figuras impositivas recóllese no **cadro C.5.16. (Recadación dos principais impostos estatais 2002-03)**. A recadación

## Indicadores económicos de Galicia e España en termos de contabilidade rexional 2001-03

	Galicia		España		Galicia / España	
	2001 (2)	2002 (3)	2001 (2)	2002 (3)	2001 (2)	2002 (3)
						(%)
	(en millóns de €)					
PIB a precios de mercado (1)	34.847,9	37.086,9	39.503,4	653.289,0	5,33	5,33
VEB a precios básicos (1)	31.553,2	33.529,8	35.555,7	591.523,0	5,33	5,33
Remuneración de asalariados	16.187,7	17.356,0	327.045,0	346.515,0	4,95	5,01
Excedente bruto de explotación	15.212,1	16.045,1	261.312,0	279.819,0	5,82	5,73
	(en miles de empregos)					
Emplego total (postos de traballo)	1.053,3	1.057,2	1.077,1	16.353,2	6,44	6,37
Emplego asalariado	764,2	783,6	1.077,1	13.612,4	5,61	5,64

(1) prezos correntes

(2) datos provisionais

(3) avance

(4) primeira estimación

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE. Contabilidad Regional de España

## 5.4.17.

## Indicadores económicos de Galicia e España en termos de contabilidade rexional 2002-03

	unidade de medida	período de referencia	Galicia	España
<b>Producción</b>				
PIB a prezos de mercado/hab. (1)	(España=100)	2003	79,3	100
Renda bruta disponible/hab. (2)	(España=100)		90,3	100
PIB / hab. en UPA (3)	(media UE 15=100)	2001	73,0	92,4
<b>VEB a prezos básicos (1)</b>				
Agricultura			6,7	4,1
Industria	(%)	2003	24,7	22,8
Construcción			9,9	8,8
Servizos			62,6	68,2
<b>Productividade do traballo</b>				
<b>VEB pb/ocupado</b>				
Agricultura			81,2	100
Industria	(España=100)	2003	60,2	100
Construcción			84,6	100
Servizos			93,0	100
<b>Estructura sectorial do emprego</b>				
Agricultura			12,4	5,6
Industria	(% sobre o total dos ocupados)	2003	19,4	18,7
Construcción			11,7	11,9
Servizos			56,5	63,8

(1) Os datos de PIB a prezos de mercado e VEB a prezos básicos corresponden a "prezos constantes"

(2) Datos procedentes de Funcas

(3) Datos procedentes de Eurostat

Fonte: INE, Contabilidad Regional de España e Encuesta de Población Activa; Funcas e Eurostat

líquida total en Galicia en 2003 foi de 4.432,0 millóns de euros, un 5,3% (223,7 millóns de euros) máis que o recadado no ano anterior.

En termos absolutos, a recadación do IRPF acadou os 1.787,4 millóns de euros, fronte ós 1.587,7 millóns de euros do IVE ou os 864,4 millóns no caso do imposto de sociedades. Comparado co ano anterior, cómpre salientalo crecemento da recadación experimentada polo IVE, con 219,6 millóns de euros máis (16,1% máis que en 2002), e polo imposto de sociedades, con 72,0 millóns de euros máis (9,1%). Pola contra, a contía recadada polo IRPF diminúe en Galicia un 4,1% (76,3 millóns de euros menos).

### Indicadores económicos de Galicia en termos de Contabilidade Rexional

No **cadro 5.4.16.**, reflíctase a evolución dos indicadores de Galicia e España en termos de Contabilidade Rexional 2001-2003. No derradeiro ano, a participación da economía galega no PIB estatal

a prezos de mercado (prezos correntes) é do 5,32%, sendo de 5,33% no ano 2002. Neste ano, a importancia relativa da remuneración de asalariados en Galicia no conxunto do Estado foi o 5,01%, sendo do 5,73% no caso do excedente bruto de explotación.

A avaliación da contribución de cada factor da produción o comportamento da economía, a eficacia productiva e a competitividade da rexión, reflíctese nos datos da produtividade do traballo. Se se mide esta como a relación entre o VEB a prezos básicos e o número de ocupados (fonte EPA), o **cadro 5.4.17.** indica que Galicia presenta unha produtividade inferior á media estatal nos catro sectores considerados.

Se a media estatal é 100, o VEB/ocupado en Galicia acada un valor de 81,2, sendo este de 60,2 no caso do sector primario e de 93,0 na construción. Nos sectores industrial e servizos, a ratio supera lixeiramente os 84,0. ■